



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTE DE FEBREIRO DO ANO DOUS MIL NOVE.**

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dez horas e dez minutos do día vinte de febreiro do ano dous mil nove, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión extraordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León

D. Tomás Fernández González.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

D. Benito Vázquez Vázquez

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado

Dna. María Belén González González (incorporase ao Pleno as dez horas e vinte minutos)

D. Antonio Estévez González

D. Jesús Deibe Fernández Simo.

Non asisten os concelleiros D. Cayetano Carballo Suárez e D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretaria, a Secretaria da Corporación, D<sup>a</sup>. Laura Fernandez Permy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

**PUNTO PRIMEIRO E UNICO: EXPEDIENTE 2009/006 “FONDO ESTATAL DE INVERSION LOCAL”.**

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

En relación co Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego.

Visto que con data 21 de xaneiro do 2009 o Ministerio de Administracións Públicas resolveu aprobar a solicitude feita polo Concello de Lobios de “CONSTRUCCIÓN DUN EMBARCADEIRO NO EMBALSE DE LINDOSO”.

Incoado expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento negociado con publicidade da “construcción dun embarcadeiro no embalse de Lindoso”, redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confire a lexislación de aplicación, PROPÓN:

Primeiro.- Aprobalo proxecto redactado.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado con publicidade; aprobar, así mesmo, o gasto conforme ó proxecto e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, convocando concurso para a “Construcción dun embarcadeiro no embalse de Lindoso” de acordo co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que se aproba neste acordo, que se considera parte integrante do contrato.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

Cuarto.- Anunciarse a licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Ourense( <http://www.depourense.es/web/contratación.htm> ), de conformidade co art.126.4 do LCSP, e de conformidade co Decreto de data 28 de xullo de 2008.”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se ratifica no dito no pleno anterior, xa que non hai oposición ao proxecto porque beneficia a Comarca, pero considera que por iso debía ser cofinanciado por Entrimo e Lobios, e non aplicar este fondo que esta destinado a promoción do emprego, e qe Lobios ten 129 parados, Continua decindo que non entende que a mesa de contratación este formada por dous concelleiro do PSOE, un do PP, e que do BNG non haxa representante, pero no seu caso a decisión é absterse en todo o proceso, xa que non están en contra da obra senón do modo en que se fixo a elccion do fin dos fondos .

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vazquez Vazquez, indica que apoia o dito polo Sr Deibe de que a obra beneficia a Lobios, e tamén a Comarca, e por iso o seu voto vai ser a favor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que se suma a parte positiva do dito, recorda que debido as condicións recollidas no RD. Se acordou presentar este proxecto porque non había ningún outro que entrar neste Fondo, coa posibilidade de perder os mesmos, en canto ao beneficio de Entrimo tecnicamente non se podía realizar a colocación do embarcadeiro noutra zona, e seria unha pena abandonar este proxecto porque se beneficie Entrimo, en relación aos parados é certo que en Lobios hai 129 parados pero debemos ter en conta que si sumamos as 30 persoas do Obradoiro, 20 persoas do Abateamento, as obras da COTOP e da Deputación, salen 91 persoas de contratación directa e 21 persoas de contratación indirecta e esto debe terse en conta, po ultimo respecto a mesa de contratación a forma era invitar a un concelleiro xa que todos non imos a estar, e se fixo a invitación dun concelleiro para que se vira a transparencia.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que lle parece ben que Entrimo se beneficie pero non que se asuma o 100% do custe con fondos de Lobios

Sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola maioría absoluta dós membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado Estévez González, González González, (ocho votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres Fernández Simo, Carballo Suárez por a non asistencia a votación e Veloso González por a non asistencia a votación ( 3 abstencións).

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta e corenta minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy